



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A FUNDACIÓN DOS FERROCARRÍS DE GALICIA PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DO MUSEO GALEGO DO FERROCARRIL E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE EXHIBICIÓN DOS FONDOS MATERIAIS PROPIEDAD DESTE, A DIVULGACIÓN DESTES ENTRE A SOCIEDADE E O FOMENTO DO TRANSPORTE FERROVIARIO

1. RAZÓN DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de vías férreas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, nos transportes efectuados por estes medios, consonte aos artigos 148.1.5º da Constitución Española e 27.8 do Estatuto de Autonomía.

As referidas competencias son exercidas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, centro directivo ao que, consonte ao Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, modificado polo Decreto 1/2018, de 11 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, *"a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias"* así como *"a programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada, ferrocarril, aéreo e por cable e o réxime administrativo, dirección, inspección e control delas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia"*.

Sen prexuízo do esforzo que nos últimos anos esta administración está a levar a cabo en materia de planificación e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as en colaboración coas restantes Administracións públicas e institucións interesadas, tamén é consciente da importancia de conservar e preservar elementos tradicionais representativos dos diferentes modos de transporte, e, máis concretamente, do transporte ferroviario, de xeito tal que se garanta o mantemento deste patrimonio cara o futuro, e se permita o seu emprego como medio de fomento e divulgación desta modalidade de transporte.

A Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a





Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Entre os seus fins, constan nos seus Estatutos a xestión, dirección, mantemento, conservación e promoción do Museo Galego do Ferrocarril. Asemade, tamén se prevé nos seus estatutos como obxectivos velar pola conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada dos seus fondos materiais e documentais de valor histórico ou artístico que garden relación co ferrocarril; a difusión dos aspectos culturais relacionados co ferrocarril e darlle coherencia á política cultural dos ferrocarrís de Galicia; difundir os beneficios socioeconómicos e medioambientais deste medio de transporte; fomentar a investigación sobre o transporte e os seus modos; fomentar o coñecemento e a utilización pola sociedade do transporte por ferrocarril; fomentar o emprego no sector ferroviario e demais sectores indirectamente relacionados con este.

Para o cumprimento destes fins, a Fundación, entre outras actuacións, desenvolve actividades dirixidas a manter e incrementar os fondos do Museo Galego do Ferrocarril así como a promover a súa difusión entre a cidadanía galega.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade considera de interese xeral o mantemento e conservación de material histórico do ferrocarril para a súa exposición e difusión a través do Museo Galego do Ferrocarril así como a súa utilización nas actividades desenvolvidas por este museo.

Asemade, a difusión deste patrimonio entre a cidadanía leva á consellería a considerar de especial interese a colaboración coa Fundación dos Ferrocarrís de Galicia co fin de promover actividades relacionadas cos fondos do museo que permitan, por un lado, a súa divulgación entre a sociedade, en aras a atinxir un maior coñecemento deste medio de transporte, e doutro, o fomento do ferrocarril como modo de transporte sostible, para o cal resulta preciso colaborar coa citada Fundación .

2. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia para garantir o funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril e o desenvolvemento das actividades de exhibición dos fondos materiais propiedade deste e divulgación destes entre a sociedade e fomento do transporte ferroviario.





Xacobeo 2021

Para a consecución destes obxectivos o Museo Galego do Ferrocarril, exhibira os fondos materiais da súa propiedade mediante a súa apertura ao público en xeral e facilitará a organización por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no Museo Galego do Ferrocarril de todo tipo de actividades que teñan por obxecto a exhibición dos fondos materiais propiedade deste, a divulgación destes entre a sociedade así como o fomento do transporte ferroviario.

Así mesmo, pretendese que a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia participe no desenvolvemento de actividades que teñan por obxecto a divulgación dos fondos materiais do Museo Galego do Ferrocarril entre a sociedade ou o fomento do transporte ferroviario, organizados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

4. ESTIMACIÓN DE CUSTOS E FINANCIAMENTO

Para o desenvolvemento destas actuacións, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección xeral de Mobilidade, asume o compromiso de financiar con cargo aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia do ano 2021, aplicación orzamentaria 08.02.512A.481.2, código de proxecto 2018-00008, a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000 €), prevista como subvención nominativa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o que xustifica a aplicación do procedemento de concesión directa de axudas, segundo o disposto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra
(Asinado dixitalmente)



Xacobeo 2021